



Esta mañá, a Casa do Concello de Verín acolleu a Mesa de Comercio Local coa finalidade de valorizar e promover o comercio de proximidade na vila.

A reunión estivo presidida polo alcalde de Verín, Gerardo Seoane e estiveron presentes: María Isabel González, concelleira da área Comercio Local; José Ángel Rodicio e Santos Álvarez, xerente e presidente da Asociación de Comerciantes de Verín e Ariadna Gil, presidenta da Asociación de Mulleres Rurais e de Consumo “O Recuncho”.

Durante a mesma presentouse o plan de actuación da Asociación de Empresarios de Verín para o ano 2021, co que se pretende dinamizar e promocionar o comercio local, fidelizar a clientela e potenciar a súa imaxe a través de diferentes accións online e offline.

Apoio ao comercio local

Desde o Concello de Verín, a través da área de Comercio, realizouse unha achega total de 15.000 no ano 2021 coa finalidade de contribuír á execución do Proxecto de dinamización, promoción e fomento do comercio da vila de Verín promovido pola Asociación de Comerciantes AEVER.

Devandita achega, explicou María Isabel González, concelleira de Comercio, «*enmárcase dentro da estratexia municipal de dinamización do comercio local cuxo principal obxectivo é*

fomentar o consumo no pequeno comercio, algo que desde o grupo de goberno consideramos fundamental para reactivar a nosa economía».

Accións de Dinamización comercial, fidelización de clientes e redes de comunicación promovidas por AEVER no ano 2021:

- Black Friday
- Campaña de Nadal 2020-2021.
- Campaña de Concienciación Social.
- Creación e posta en marcha de Market Place dixital.
- Campaña de promoción Market place dixital.
- Publicidade xeral: actualización mupis, Semana Santa, Carne Club fútbol Verín FC, guías informativas, xogo de mesa, xornal vivir e inverter, etc.
- Campaña de promoción bonos activa comercio – Campaña da Xunta de Galicia.
- Campaña de promoción outono-inverno.